



DECRETO. Aprobación das Bases de participación da actividade “Acende o Nadal” 2018

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Saúde con data 8 de novembro de 2018, pola que solicita a aprobación das Bases de participación na actividade “Acende o Nadal” 2018, **RESOLVO:**

1º) A Concellaría de Educación, Xuventude, Saúde do Concello de Sada organiza a 4ª edición “Acende o Nadal” que consiste na selección mediante sorteo dunha familia sadense que será a encargada de realizar o acendido navideño 2018.

2º) O acendido navideño terá lugar o día 5 de decembro ás 19:30 h. na Praza de San Roque.

3º) Poderán participar neste sorteo todas as familias empadroadas no Concello de Sada (comprobarase de oficio). A familia gañadora será a encargada de activar o acendido navideño nese acto, polo que poderán invitar a todos aqueles membros da súa familia ou achegados cos que desexen realizar unha foto de familia nese acto. Non hai límite no número de persoas invitadas.

4º) Só se admitirá unha inscrición por unidade familiar (empadroada en Sada, comprobándose de oficio) que será entregada ou enviada á OMIX por correo electrónico a omixsada@gmail.com, ou enviando os datos a través dun formulario online que se atopará na web municipal www.concellodesada.com.

5º) O prazo para presentar as inscricións será do 15 ao 28 de novembro (inclusive) até ás 15.00h a través de calquera das formas de presentación dispoñibles.

6º) O sorteo celebrarase o día 29 de novembro ás 12:00 h. no local de actividades da Oficina da Xuventude e estará aberto a todas as familias que así o desexen. A familia gañadora recibirá unha notificación vía telefónica comunicándolle que será a encargada de acender o Nadal en Sada e que se lle realizará unha foto familiar ese mesmo día e realizada por un fotógrafo profesional.

7º) Por outra parte, establecerase unha listaxe de reserva con 5 familias no caso de que a familia que “Acende o Nadal en Sada” renunciase a asistir ao acto de acendido do Nadal o día 5 de decembro.

8º) As inscricións recibidas entrarán tamén nun sorteo que terá lugar ese mesmo día no Acendido de Nadal. 3 das familias que tiveran presentado a inscrición poderán gañar a realización dunha foto familiar cun fotógrafo profesional no lugar de Sada. O sorteo será presencial, polo que a presenza será requisito indispensable para ser gañador do premio. No caso de non estar presentes, continuarase co sorteo ata adxudicar os tres premios.

9º) Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse gravacións en vídeo e fotografías das persoas participantes no ACENDIDO NAVIDEÑO, as cales poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web do Concello de Sada.

10º) A participación no sorteo Acende o Nadal 2018 implica a aceptación de estas bases.

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

CONCELLARIA DE EDUCACION, XUVENTUDE E SAUDE